

Martíño Maseda: "Eu son de verso libre, non me digas de facer sonetos"

O escritor vilalbés, nado en Xoibán, non se considera aínda poeta porque cre que para iso tamén debería saber recitar. Defínese como alguén que trata de vivir segundo a segundo e que non quere pasar por este mundo de balde

[Silvia Iglesia](#) 20/06/22

<https://www.elprogreso.es/articulo/a-chaira/martino-maseda-eu-son-verso-libre-non-digas-facer-sonetos/202206202215091584980.html>

Acaba de gañar nos certames de Castroverde e de Meira e ten dito que sabe que esperar dunha obra cando a remata. Contaba levar premio desta volta?

Séguese cumprindo. Eu non sabía que ía gañar nestes sitios, pero cando esa obra leva, para min, algo dentro, penso que merece algo; e cúmprese.

Fale desas dúas composicións.

Coa que gañei en Castroverde chámase *Declaración de identidade*, e en Meira, *Melodía triste de maio*. Se de algo me podo sentir orgulloso desde que comecei con este proceso da escrita, é que sempre intentei manter unha traxectoria na temática, na que retratar como eu vexo a sociedade na que convivo. Estas dúas obras seguen esa traxectoria. Por exemplo, en *Melodía triste de maio* coincidiu o mes das letras con todo este conflito que estamos vivindo, e quixen agrupar todo iso coa lingua, que está nun período de declive brutal aínda que a moita xente lle pareza que non. Con *Declaración de identidade* participei como nunha especie de xogo, no sentido en que vin anunciado o certame a poucos días de que pechase o prazo e deume por presentarme. Esta é basicamente para reivindicar o meu idioma, a miña identidade, as miñas raíces e para demostrarme de onde veño e cara a onde vou.

Cando acaba de escribir fai algún filtro?

O filtro fágomo eu mesmo. Despois si que lle leo a peza a miña nai, envíolla a amigos... pero o primeiro lector son eu. Incluso a día de hoxe con obras xa escritas seguiría cambiando cousas porque os tempos van cambiando. E ese é o problema que vexo que lle sucede a algunhas persoas, que seguen vivindo en épocas de antes e non aceptan certo discurso. Facendo peneira estás intentando pulir algo que creaches para que acabe tendo a calidade que ti queres. Do contrario é non respectarte ti, a obra e a persoa á que lle estás ofrecendo iso, xa que a min non me vale aquilo de "escribo para min"; non, eu escribo para comunicarme. Tamén mudan as circunstancias.

Mudou o seu xeito de escribir?

Si. As temáticas non é que cambien tanto, pero si a maneira de percibilas porque vaste comunicando con outras persoas que che van dando a súa visión, a súa crítica; é un proceso de aprendizaxe. O primeiro que ten que facer un escritor é unha autoaprendizaxe e unha autocrítica. Se non fas iso tes un exceso de egolatría desmedida e para min iso non vale. Hai unha evolución e nótalo no proceso de escribir, intentas escapar de temáticas clásicas, romper un pouco. Eu xa nunca fun de facer formas clásicas. Non me digas de facer un soneto; vai coa miña natureza ese verso libre, sabendo que eu teño o meu propio ritmo, a armonía, a música das palabras.

Comezou con narrativa. Non pensa volver a ela?

Teño moitas ganas, o que pasa é que estou agora na poesía porque coido que vivimos momentos transcendentais, duros, e creo que o escritor ou escritora debe implicarse desde a súa posición, case de privilexio, que lle ofrece o poder das palabras. Debemos intentar abrir fendas de luz para facer o mundo un pouco máis habitable.

Os versos transmiten mellor os sentimentos?

Es un pouco máis ti na poesía; o outro é ficción, estás recreando outros mundos. Poden ser mundos que coñeciches ou non. Pero a maneira de ofrecer o que levo dentro e o meu contacto coa sociedade é a través da poesía.

De feito, nunha das súas obras anteriores, *Mapa de xeografía emocional*, parte dun momento traumático: a morte do seu pai.

Aos momentos de felicidade non lles sacamos tanta aprendizaxe; pero das derrotas e dos golpes da vida si sacas algo. Porque cando algo é bonito así non o tocas, pero cando é duro intentas reconstruír e sacar a beleza niso para aminorar o efecto de traxedia.

Por que empezou a escribir? Na casa non había moita literatura.

Foi algo que eu levaba dentro.

Estudou Filoloxía Hispánica e di que desde entón se "flaxela a diario escribindo en galego".

Non me podo explicar como cheguei a estudar iso, é algo do que me arrepiño a diario. Aínda así, a miña estadía en Santiago abriume a mentalidade a moitas cousas e esa apertura que me ofreceu Santiago foi in crescendo, nunca volveu a pecharse. Véxoo nos meus escritos, nos que houbo un cambio, non tanto do galeguismo, porque eu non deixei de falar nin de escribir nunca en galego. Foi a riqueza máis grande que me transmitiron meus pais. Acórdome que nun bar en Santiago, cun grupo de amigos falando en galego, unha rapaza fixérame unha burla polo meu acento. Parecérame moi mal e é algo que segue estando moi presente en programas, en certos ámbitos, que se relaciona o acento galego como algo de paletños. E logo que pasa cos andaluces, cos vascos, cos cataláns? Iso é guai e o galego non? Foi unha desafortunada metedura de pata. Esa foi unha eiva, pero non na miña formación, que eu estudaba igual portugués, galego, catalán... e non entendo que sigamos buscando un monolingüismo cando eu considero que o mellor que pode ter un individuo, á parte dunha pluralidade de coñecementos, é unha pluralidade lingüística na que emitilos.

Que le Martiño Maseda?

Agora leo literatura feita por mulleres. Ademais, estou moi implicado nese sentido. Cando participo na organización de certames, como o dos Microrrelatos ou o de Caldaloba, trato de romper a paridade no xurado cun maior número de mulleres. Se os homes queremos reivindicar o feminismo temos que amosalo na práctica.

Á práctica tamén levou a súa defensa de Caldaloba, a través do certame ou as tomas culturais. As últimas noticias que falan do seu mantemento dan alento á esperanza?

Eu tiña a vantaxe que, antes desa invasión do eucalipto, desde a miña casa vía a torre. Agora non. Ao mellor, cando corten iso volvereina a ver. Ademais, teño a fortuna de que meu pai era de Pino, así que foi unha alegría que a xente quixera contar comigo para unha iniciativa que naceu a pequena escala e que tivo tan boa trascendencia que logo viñeron institucións. Eu aplaudo iso polo ben da torre. O que non vou aplaudir nunca é que alguén intente sacar réditos diso. É importante que o centro de todo iso sexa a torre e que se conserve, non deixala caer. É un símbolo de resistencia que nos identifica. Quero feitos e agora os pasos teñen que ser acelerados, porque senón o que imos celebrar algún día é o lugar no que estivo a Torre de Caldaloba.